

### Disposición derradeira quinta.

A presente lei orgánica entrará en vigor o día 1 de outubro de 2004, con excepción da disposición derradeira primeira, a disposición derradeira segunda, a disposición derradeira terceira e a disposición derradeira cuarta, que entrarán en vigor o día seguinte ó da publicación desta lei orgánica no «Boletín Oficial del Estado», e dos números octoxésimo oitavo, octoxésimo noveno e nonaxésimo do artigo único, que modifican os artigos 259, 260 e 261 do Código penal, que entrarán en vigor no mesmo día en que o faga a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 25 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**21539** *LEI 46/2003, do 25 de novembro, reguladora do Museo Nacional do Prado. («BOE» 283, do 26-11-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O Museo Nacional do Prado, desde que foi inaugurado en 1819 e ó longo da súa historia centenaria, cumpriu coa alta misión de conservar, expor e enriquece-lo conxunto das coleccións e das obras de arte que, estreitamente vinculadas á historia de España, constitúen unha das máis elevadas manifestacións de expresión artística de recoñecido valor universal.

O posto que ocupa o Museo do Prado como relevante institución cultural do noso país fundaméntase na extraordinaria riqueza das súas coleccións, o valor artístico e a identidade histórica das cales se asentan nunha singular orixe e exemplar formación. En grandes trazos, o seu patrimonio actual baséase na integración da colección dos reis de España, os fondos do decimonónico Museo da Trindade procedentes de institucións relixiosas desamortizadas e, finalmente, un século máis tarde, as obras do século XIX segregadas do tamén desaparecido Museo da Arte Moderna.

Sen lugar a dúbidas, a denominada colección real constitúe, ademais do patrimonio fundacional do museo, o seu máis permanente acento de excelencia. A formación da colección real remóntase ó reinado de Isabel a Católica, pero a súa definitiva vertebración prodúcese cos Austrias Carlos I e o seu fillo Felipe II, que vincularon irrevogablemente as súas obras de arte á Coroa, amosando así unha vontade de continuidade que mantiveron inquebrantable os seus sucesores. Numerosas adquisi-

cións e o padroado rexio favoreceron o enriquecemento da colección real ó longo do século XVII, en especial durante o reinado de Felipe IV, para quen traballaron algúns dos artistas españois e estranxeiros máis relevantes do seu tempo. Coa chegada dos Borbóns en 1700 cambiou o gusto e o momento artístico, pero non o interese da nova dinastía polo coleccionismo da arte. A definición dunha renovada imaxe real e a intensa actividade constructiva e ornamental dos Borbóns nos reais sitios contribuíron a un grande enriquecemento dos fondos artísticos da Coroa.

No limiar da nosa historia contemporánea créase o Museo Real de Pinturas, fundación de Fernando VII, seguindo o exemplo revolucionario da apertura pública das grandes coleccións históricas europeas. Esta nova institución pública abriu as súas portas por vez primeira o 19 de novembro de 1819. Para a súa instalación o monarca inclínouse polo inacabado edificio deseñado a partir de 1785 polo arquitecto Juan de Villanueva como Real Museo de Ciencias Naturais, e que formaba parte do conxunto científico ideado por Carlos III para o Paseo do Prado e o seu contorno, co Observatorio Astronómico e o Xardín Botánico. A Guerra da Independencia impediu a súa inauguración como Gabinete de Ciencias Naturais. Antonio López Aguado, discípulo de Villanueva, foi o encargado de rehabilita-lo edificio trala contenda para convertelo no digno marco onde se aloxaron ata hoxe as obras máis prezadas das coleccións reais.

A frecuente incorporación de obras procedentes dos sitios e fundacións reais, como é o caso da Academia de Belas Artes de San Fernando, foi a tónica da primeira etapa do museo baixo patrocinio real, que conclúe coa nacionalización das coleccións trala Revolución de 1868. A continuación, en 1872 intégranse os cuantiosos fondos do Museo Nacional de Pintura e Escultura, máis coñecido como Museo da Trindade, neste caso fundado por Isabel II en 1838, para aloxar principalmente as obras procedentes de institucións relixiosas desamortizadas.

Desde a súa inauguración foi incesante o proceso de incremento dos fondos do museo a través de doazóns e legados de particulares, como de adquisicións do propio museo e novas adscricións realizadas polo Estado, como foron en 1971 as obras do desaparecido Museo da Arte Moderna enriquecendo e completando o extraordinario conxunto de obras recibidas tanto procedentes da colección real coma do Museo da Trindade.

Sen embargo, esta acumulación de coleccións, imposibles de albergar na súa integridade no edificio histórico de Villanueva obrigou, xa desde finais do século XIX, a depositar con carácter estable unha gran parte deses novos fondos nunha enorme diáspora de institucións públicas de todo o Estado, así como nun bo número das súas representacións diplomáticas internacionais; situación que se mantivo ata os nosos días e que fai palpable no seu sentido máis estricto a natureza verdadeiramente nacional do Prado.

II

Ó longo da súa historia, e co fin de cumprir coa súa alta misión, o Museo Nacional do Prado dotouse dun conxunto de sucesivas disposicións estatutarias, de elevado rigor técnico para a súa época, que lle outorgaron a esta institución unha tradición e unha identidade propias no seu réxime de goberno, administración e funcionamento.

Entre elas merecen especial mención o Real decreto do 7 de xuño de 1912, que creou o padroado do entón chamado Museo Nacional de Pintura e Escultura; o Real decreto do 4 de maio de 1920, polo que pasou a denominarse Museo Nacional do Prado, e aprobou o Regulamento de réxime e funcionamento do museo vixente

ata 1985, e o Real decreto lei do 4 de abril de 1927, que lle outorgou personalidade xurídica propia e autonomía funcional, natureza que conservou ata que, por orde do Ministerio de Educación e Ciencia do 31 de agosto de 1968, pasou a integrarse no Padroado Nacional de Museos.

Finalmente, de acordo co recoñecemento desta singularidade propia da primeira pinacoteca, o artigo 87.2 da Lei 50/1984, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1985, determinou a constitución do museo como organismo autónomo adscrito ó Ministerio de Cultura.

Baixo esta figura xurídica e administrativa desenvolveuse nas últimas dúas décadas o primeiro pulo modernizador do museo, favorecendo a profesionalización e a mellora das súas unidades e servizos. A dificultade de adecua-lo modelo de xestión da institución ó réxime dos grandes museos doutros países e adapta-la súa organización a unha crecente demanda de servizo público motivou a sucesiva modificación do seu réxime regulamentario a partir do Real decreto 1432/1985, do 1 de agosto, polo que se constitúe o organismo autónomo e se establecen as súas normas estatutarias, primeiro a través do Real decreto 1142/1996, do 24 de maio, e, máis recentemente, polo Real decreto 59/2002, do 18 de xaneiro.

### III

Como a maior parte dos grandes museos do mundo, o Prado converteuse nun símbolo para unha sociedade contemporánea, caracterizada por un crecente interese polas manifestacións culturais. O resultado foi o crecemento exponencial da afluencia de visitantes ós museos nas últimas décadas.

A este feito contribuíron tamén de forma destacada a nova orientación da ciencia museolóxica, que promoveu unha nova orientación social e didáctica do museo. A obriga esencial destas institucións, ademais de conserva-lo seu patrimonio, é difundilo e dalo a coñecer a tódolos cidadáns.

A concorrencia destas circunstancias obrigou a unha reformulación xeral de tódalas facetas que rodean a vida do museo.

En resposta ós desafíos presentados, os museos desenvolveron proxectos de ampliación das súas instalacións, co obxectivo esencial de dispor dunha maior superficie expositiva, e fundamentalmente de dotarse de espazos de servizos que permitan acoller de forma adecuada o crecente número de visitantes que reciben. Paralelamente, produciuse outro fenómeno case tan xeneralizado entre os grandes museos como a ampliación dos seus espazos; a modificación da súa natureza xurídica, co obxecto de flexibiliza-las súas posibilidades de actuación para conseguí-los seus grandes fins; fomenta-la investigación científica; mellora-lo servizo ós visitantes, e incrementa-los recursos financeiros propios. En suma, facelo máis eficaz.

A ampliación que se está levando a cabo no Museo Nacional do Prado inscíbese na liña aberta polos grandes museos ós que se fixo referencia. A modificación do réxime xurídico que se propón segue, así mesmo, as pautas marcadas polos ditos museos.

A ampliación do Museo do Prado é unha operación extraordinariamente complexa, que persegue dota-lo museo dun conxunto de edificios e instalacións que lle permitan mostrar nas mellores condicións posibles as súas ricas e extensas coleccións, á vez que xestionar en colaboración con outras administracións públicas e coas maiores garantías de conservación e difusión dos fondos artísticos depositados noutras institucións. A dita ampliación comporta directamente o incremento dos

gastos estritamente vinculados ó aumento de actividade e espazo de servizo.

Nesta situación, o museo enfróntase a unha encrucillada en que é preciso tomar unha decisión de carácter estratéxico: aproveita-la ocasión para modifica-la estrutura xurídica do museo e, seguindo a liña trazada por outros museos internacionais, apostar por unha mellora do servizo público, traducido nun incremento e nunha mellora das súas actividades, e, á vez, eleva-la eficacia e a capacidade do museo para achegar fondos incrementando o seu nivel de autofinanciamento.

### IV

As razóns apuntadas fan necesario un novo marco xurídico que lle dea resposta, en óptimas condicións, á situación que se presenta. Este novo réxime presenta basicamente o seguinte modelo xurídico-organizativo:

a) Un réxime xurídico de dereito público, con posibilidade de actuación no marco do dereito privado, someténdose, en todo caso, ás disposicións da Lei xeral orzamentaria e demais normas aplicables.

b) Un réxime de persoal baseado no dereito laboral, que se inspirará nos principios de mérito e capacidade.

c) Un réxime de contratación sometido á Lei de contratos das administracións públicas, coa posibilidade, prevista no artigo 1.3 da Lei de contratos das administracións públicas, de contratación para as actividades comerciais do museo, someténdose ós principios de publicidade e concorrencia.

d) Un réxime orzamentario específico, a estrutura do cal será determinada polo Ministerio de Facenda, para facilita-la xestión orzamentaria e permiti-la aplicación dos recursos financeiros propios ás actividades do museo.

A lei perfila, de maneira sumaria —pois requirirá un amplo desenvolvemento no futuro estatuto do museo—, as liñas xerais que se acaban de expor.

Así, o capítulo I define a natureza do Museo Nacional do Prado, que se converte nun organismo público de carácter especial, en liña cos entes mencionados nas disposicións adicionais novena e décima da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado (LOFAGE). De acordo coa súa natureza xurídico-pública, o Museo Nacional do Prado axustará a súa actuación ás prescricións das normas aplicables no despregamento da súa actividade administrativa, como a Lei xeral orzamentaria, a Lei de contratos das administracións públicas e a propia LOFAGE, coas excepcións indicadas no propio texto. Así mesmo, resúltalle de plena aplicación a Lei do patrimonio histórico español.

O capítulo II refírese á organización do Museo Nacional do Prado. A estrutura rectora do museo artículase en tres órganos: o presidente, cargo que recae no titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e que asegura, por tanto, a vinculación co departamento ministerial de adscrición; o Real Padroado, órgano colexiado creado en 1912 e que entronca coa máis antiga tradición do Museo. A presenza no padroado de dous vocais designados polo Consello do Patrimonio Histórico permite un maior compromiso e unha mellor comunicación das comunidades autónomas co museo. E o director, órgano ó que se lle atribúen as facultades executivas que permiten o funcionamento fluído e continuo do museo nos ámbitos científico e administrativo.

A regulación dos aspectos de persoal lévase a cabo moi brevemente, como é lóxico nunha norma desta natureza. A lei limitase a establecer, no capítulo III, a aplicación do réxime laboral para todo o persoal do museo, así como a prever que a súa actuación nesta materia se someterá ó marco de actuación que aproben os ministerios de Administracións Públicas e de Facenda.

O capítulo IV regula o réxime patrimonial do museo, que non presenta especialidades dignas de mención con respecto ós organismos públicos de réxime ordinario reguladas na LOFAGE.

No capítulo V contense o réxime de contratación, orzamentario e económico-financeiro. O museo adopta un réxime económico-financeiro e orzamentario específico de acordo co que determine o Ministerio de Facenda, caracterizado á vez pola suxeición ó control permanente da Intervención Xeral da Administración xeral do Estado. En canto á súa actividade contractual, o museo sométese ás prescricións da Lei de contratos das administracións públicas, ben que presenta a peculiaridade de que os contratos relacionados coa súa vertente comercial se axustan unicamente ós principios de publicidade e concorrencia.

Por último, as disposicións transitorias regulan o réxime de integración do persoal e do patrimonio do museo na nova natureza xurídica deste. As disposicións derradeiras realizan as adaptacións oportunas para mante-lo réxime privilexiado do museo en canto ó mecenado e ó seu tratamento fiscal.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Denominación e natureza.*

1. O Museo Nacional do Prado é un organismo público, dos previstos na disposición adicional décima, 2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, pública e privada, para o cumprimento dos seus fins.

2. O Museo Nacional do Prado, baixo o alto patrocinio dos Reis de España, está adscrito ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a través do ministro, que desempeñará a súa presidencia.

#### Artigo 2. *Réxime xurídico e autonomía.*

1. O Museo Nacional do Prado axustará a súa actuación ó disposto nesta lei e as súas normas de desenvolvemento, á Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, ó ordenamento xurídico privado e ás previsións que lle sexan aplicables do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, e da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, de acordo co previsto na disposición adicional décima desta última lei.

2. O Museo Nacional do Prado exercerá as súas funcións con autonomía de xestión, dentro dos límites establecidos por esta lei, e tendo en conta, en todo caso, a garantía do interese público, a satisfacción das necesidades culturais e sociais de España e a integridade e seguridade das coleccións e fondos museísticos.

#### Artigo 3. *Obxectivos e fins.*

O Museo Nacional do Prado ten por obxectivo a consecución dos seguintes fins:

a) Garanti-la protección e a conservación, así como promove-lo enriquecemento e a mellora dos bens do Patrimonio Histórico Español adscritos a el.

b) Exhibir ordenadamente as coleccións en condicións adecuadas para a súa contemplación e estudo.

c) Fomentar e garanti-lo acceso a estas do público e facilitarlle-os seus estudos ós investigadores.

d) Impulsa-lo coñecemento e a difusión das obras e da identidade do patrimonio histórico adscrito ó museo, favorecendo o desenvolvemento de programas de educación e actividades de divulgación cultural.

e) Desenvolver programas de investigación e formación de persoal especializado e establecer relacións de colaboración con outros museos, universidades ou institucións culturais, organizando exposicións temporais e desenvolvendo accións conxuntas para o cumprimento dos seus fins.

As ditas relacións de colaboración desenvolveranse preferentemente coas institucións dependentes ou vinculadas ás administracións públicas, prestando especial atención a aquelas con maior relevancia e proxección no ámbito museístico.

f) Presta-los servicios de asesoramento, estudio, información ou dictame de carácter científico ou técnico que lle sexan requiridos polos órganos competentes da Administración xeral do Estado ou que deriven dos convenios ou dos contratos outorgados con entidades públicas ou privadas, con persoas físicas, nas condicións e cos requisitos que regulamentariamente se determinen.

## CAPÍTULO II

### Organización do Museo Nacional do Prado

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> DISPOSICIÓN XERAL

#### Artigo 4. *Órganos rectores do Museo Nacional do Prado.*

Os órganos rectores do Museo Nacional do Prado son os seguintes:

- O presidente do Museo Nacional do Prado.
- O Real Padroado.
- O director do museo.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> O PRESIDENTE DO MUSEO NACIONAL DO PRADO

#### Artigo 5. *Competencias.*

O presidente do Museo Nacional do Prado é o ministro de Educación, Cultura e Deporte, ó que lle corresponderá a súa tutela, así como a aprobación dos plans xerais de actuación e do anteproxecto de orzamento que lle someta o Real Padroado para a súa tramitación, conforme a Lei xeral orzamentaria.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup> REAL PADROADO DO MUSEO NACIONAL DO PRADO

#### Artigo 6. *Competencias.*

O Real Padroado será o órgano rector colexiado do Museo Nacional do Prado e funcionará en pleno e en comisión permanente.

#### Artigo 7. *Composición.*

1. A presidencia de honor do Real Padroado correspóndelles ós Reis de España.

2. O Real Padroado estará integrado por un mínimo de 20 vocais e un máximo de 30, nove dos cales, polo menos, terán o carácter de natos conforme o estatuto.

3. O resto dos vocais terá o carácter de designados. As reais academias da Historia e de Belas Artes de San Fernando elixirán, entre os seus membros, cadanseu vocal. O Consello do Patrimonio Histórico designará, así mesmo, dous vocais. Os demais vocais serán nomeados libremente polo ministro de Educación, Cultura e Deporte entre persoas de recoñecida competencia en asuntos

relacionados co patrimonio histórico ou que se distinguisen polos seus servicios á cultura. Os vocais designados desempeñarán durante cinco anos o seu mandato, que se poderá renovar ata dúas veces, por períodos de igual duración. O seu cesamento producirase ó termo do seu mandato, ou por renuncia, falecemento ou incapacidade.

4. O Pleno do Real Padroado elixirá, entre os vocais por designación, un presidente e un vicepresidente, que serán nomeados polo ministro de Educación, Cultura e Deporte por un período de cinco anos. Así mesmo, o Pleno designará un secretario, que non terá a condición de membro deste.

5. O Real Padroado actúa en pleno e en comisión permanente. Integran o pleno a totalidade dos vocais natos e designados. A comisión permanente está composta polo presidente, o vicepresidente, o director do museo e un número de seis vocais do Pleno elixidos por este.

#### Artigo 8. *Funcións.*

1. O presidente do Real Padroado desempeña a representación institucional do museo e convoca e preside o Real Padroado en pleno e en comisión permanente.

2. O Pleno do Real Padroado establece no marco desta lei e do estatuto, os principios de organización e dirección do Museo Nacional do Prado, determina as directrices da súa actuación e vela polo seu cumprimento nos termos que fixe o estatuto.

3. A comisión permanente impulsa e supervisa a estratexia e as liñas de actuación do museo fixadas polo Pleno do Real Padroado, así como a actuación do equipo directivo, nos termos que fixe o estatuto do Museo Nacional do Prado.

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup> O DIRECTOR DO MUSEO

#### Artigo 9. *Nomeamento.*

O director do museo é nomeado e separado por real decreto, acordado en Consello de Ministros, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, nos termos que fixe o estatuto.

#### Artigo 10. *Funcións.*

O director do museo dirixe e coordina, no marco dos plans xerais de actuación do museo, do seu orzamento e das directrices emanadas do Real Padroado, as actividades do museo, os seus diferentes órganos e unidades, así como o seu persoal, nos termos que fixe o estatuto.

### CAPÍTULO III

#### Réxime de persoal

#### Artigo 11. *Persoal do Museo Nacional do Prado.*

1. O persoal ó servizo do organismo público Museo Nacional do Prado terá a consideración de persoal laboral, con suxeición ó Estatuto dos traballadores e demais normas concordantes, sen prexuízo das disposicións transitorias contidas nesta lei respecto ó réxime aplicable ó persoal que preste servicios no organismo autónomo Museo Nacional do Prado no momento da entrada en vigor da nova regulación xurídica do Museo Nacional do Prado.

2. As condicións laborais do persoal do Museo Nacional do Prado suxeitaranse ó réxime que estableza o seu convenio colectivo.

3. O persoal funcionario que pase a presta-los seus servicios no Museo do Prado como persoal laboral recoñeceráselle a situación administrativa de servicios especiais.

#### Artigo 12. *Marco de actuación en materia de persoal.*

Os ministerios de Administracións Públicas e Facenda, conforme as súas respectivas competencias e por proposta do organismo, aprobarán anualmente o marco de actuación deste en materia de persoal, no que se determinarán as liñas directrices sobre organización, estrutura de postos directivos, política de emprego e retribucións.

### CAPÍTULO IV

#### Réxime patrimonial

#### Artigo 13. *Réxime patrimonial.*

1. O Museo Nacional do Prado terá para o cumprimento dos seus fins un patrimonio propio distinto ó do Estado, formado por tódolos bens e dereitos que sexan da súa titularidade.

2. Así mesmo, quedarán adscritos ó Museo Nacional do Prado para o cumprimento das súas funcións os bens de dominio público de titularidade estatal que así se acorde, de conformidade co disposto na lexislación do patrimonio do Estado.

3. Os bens mobles e inmobles de interese cultural que formen parte do patrimonio do Museo Nacional do Prado ou estean adscritos a este someteranse ó réxime especial de protección e tutela establecido na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

#### Artigo 14. *Bens propios.*

1. O Museo Nacional do Prado poderá adquirir toda clase de bens e dereitos por calquera dos modos admitidos en dereito, entendéndose implícita a afectación ós fins do museo ó se aproba-la adquisición destes.

A adquisición de bens inmobles ou de dereitos sobre eles requirirá o previo informe favorable do Ministerio de Facenda.

2. O alleamento de bens patrimoniais propios que sexan inmobles, cando non exista obstáculo a este en virtude do previsto nesta lei, realizarase logo da comunicación ó Ministerio de Facenda que, se é o caso, levará a cabo as actuacións precisas para a súa posible incorporación e afectación a calquera servizo da Administración xeral do Estado.

3. O Museo Nacional do Prado, nas súas relacións patrimoniais que teñan por obxecto bens de carácter patrimonial de titularidade do organismo, quedará suxeito ó dereito privado, sen prexuízo das especialidades contidas nesta lei e as limitacións derivadas da aplicación, se é o caso, da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.

#### Artigo 15. *Bens adscritos.*

1. A adscrición e desadscrición de bens por parte da Administración xeral do Estado rexeranse pola lexislación do Patrimonio do Estado, conservando aqueles a súa cualificación e titularidade xurídica orixinaria e correspondéndolle ó Museo Nacional do Prado a súa

utilización, conservación, administración e cantas prerrogativas referentes ó dominio público e ós bens patrimoniais do Estado se encontren legalmente establecidas.

2. Os bens mobles e inmobles do Patrimonio do Estado adscritos ó Museo do Prado rexeranse polo disposto no artigo 48 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral de Estado, na Lei do patrimonio do Estado, na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, e nas demais normas complementarias.

## CAPÍTULO V

### Réxime de contratación, orzamentario e económico-financeiro

#### Artigo 16. *Réxime de contratación.*

1. O réxime de contratación do Museo Nacional do Prado rexerase polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas, sen prexuízo do disposto no punto seguinte.

2. Os contratos relacionados coa actividade comercial do Museo Nacional do Prado axustaranse ós principios de publicidade e concorrencia, e será de aplicación, en todo caso, o disposto no artigo 2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño. Entenderanse como actividades comerciais do museo aquelas que estean vinculadas á organización de exposicións temporais e á explotación dos servicios comerciais e de dereitos de propiedade intelectual e industrial.

#### Artigo 17. *Recursos económicos.*

1. Os recursos económicos do Museo Nacional do Prado poderán provir das seguintes fontes:

- a) Os bens e valores que constitúan o seu patrimonio.
- b) Os produtos e as rendas do patrimonio propio e adscrito.
- c) As consignacións específicas que tivesen asignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- d) As transferencias correntes ou de capital que procedan de administracións ou entidades públicas.
- e) Os ingresos ordinarios e extraordinarios, de dereito público ou privado, que procedan do exercicio da súa actividade.
- f) As achegas voluntarias, doazóns, herdanzas e legados e outras achegas a título gratuito de entidades privadas e de particulares.
- g) Os ingresos recibidos de persoas físicas ou xurídicas como consecuencia do patrocinio ou esponsorización de actividades ou instalacións.
- h) Calquera outro recurso que puidese serlle atribuído.

2. Os recursos especificados na alínea anterior, con excepción dos sinalados nas alíneas c) e d), constituirán os recursos propios do ente.

#### Artigo 18. *Ingresos por acceso ás coleccións e cesión de espazos.*

1. Os ingresos procedentes das prestacións que os visitantes dos inmobles que integran o patrimonio do Museo Nacional do Prado deban satisfacer polo acceso

á colección permanente exhibida neles teñen a natureza de prezos públicos, ó abeiro do disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos. O establecemento ou modificación da súa contía serán efectuados polo Museo Nacional do Prado, logo de autorización do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

2. Os ingresos procedentes da cesión de espazos dos inmobles, propios ou adscritos, que estean cualificados como demaniais, teñen a natureza de taxas, ó abeiro do disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos. O establecemento ou modificación da súa contía farase a través de orde ministerial específica, por iniciativa do Museo Nacional do Prado.

3. A administración e cobramento dos prezos e das taxas será realizada polo Museo Nacional do Prado, que os ingresará no seu patrimonio.

4. Serán ingresos de dereito privado os demais que perciba o Museo Nacional do Prado pola prestación de servicios ou a realización de actividades que, de acordo coa lei, non teñan a natureza de taxas ou prezos públicos.

#### Artigo 19. *Participación en sociedades ou fundacións.*

O Museo Nacional do Prado poderá realizar actividades mercantís para o mellor cumprimento dos seus fins, incluída, se é o caso, a creación ou participación en sociedades ou fundacións cun obxecto que sexa acorde cos fins do museo.

#### Artigo 20. *Réxime económico-financeiro.*

O réxime orzamentario, de xestión económico-financeira, de contabilidade, de intervención e control financeiro, será o establecido no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, coas excepcións establecidas nesta lei e os preceptos que a desenvolvan.

#### Artigo 21. *Réxime orzamentario.*

O Museo Nacional do Prado elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento coa estrutura que determine o Ministerio de Facenda, e remitirallo ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para a súa posterior tramitación de acordo co previsto na Lei xeral orzamentaria, consolidándose cos das administracións públicas centrais.

O réxime de variacións do dito orzamento será o que se estableza no estatuto do organismo.

#### Artigo 22. *Contabilidade.*

O Museo Nacional do Prado estará sometido ó Plan xeral de contabilidade pública, sen prexuízo das peculiaridades que deriven das características da súa actividade, e que para o efecto sexan determinadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

#### Artigo 23. *Control económico-financeiro.*

Sen prexuízo das competencias de fiscalización atribuídas ó Tribunal de Contas pola súa lei orgánica e polas demais normas que regulan as súas competencias, o organismo público estará sometido ó control financeiro permanente previsto na Lei xeral orzamentaria, que será realizado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da intervención delegada que se cree para o efecto.

Disposición transitoria primeira. *Duración do mandato dos vocais designados no momento de entrada en vigor desta lei.*

Os vocais designados con mandato en vigor no momento da entrada en vigor desta lei permanecerán no cargo polo tempo que falte para a finalización do período para o que foron designados. Á finalización deste período poderán ser reelixidos, aplicándose a este novo mandato o período de duración de cinco anos fixado con carácter xeral no artigo 7.

Disposición transitoria segunda. *Integración do persoal.*

1. O persoal laboral que preste os seus servizos no organismo autónomo Museo Nacional do Prado no momento en que entre en vigor esta lei integrárase no organismo público Museo Nacional do Prado cos mesmos dereitos e obrigas que tivese no organismo autónomo.

Os funcionarios destinados no organismo autónomo Museo Nacional do Prado poderán optar, no prazo de tres meses a partir da entrada en vigor desta lei, por integrarse como persoal laboral do organismo público Museo Nacional do Prado, con recoñecemento da antigüidade que lles corresponda, quedando nos seus corpos de orixe na situación de servizos especiais.

Os funcionarios que non opten pola integración no organismo público no prazo establecido no parágrafo anterior permanecerán no organismo en situación de servizo activo ou outras situacións con reserva de posto, ocupando o que tivesen asignado.

Os postos de traballo ocupados polos citados funcionarios consideraranse «a amortizar», e suprimiranse cando o funcionario que o ocupe abandone o organismo por calquera causa.

2. A integración como persoal laboral do organismo público Museo Nacional do Prado resultante da aplicación do disposto no punto anterior efectuarase con respecto dos dereitos que tivesen recoñecidos, asignándose-lle as tarefas e funcións que correspondan, de conformidade co grupo de titulación de procedencia no caso de persoal funcionario ou da categoría profesional no caso de persoal laboral, de acordo coa estrutura orgánica que se aprobe, e con independencia das que viñesen desempeñando ata o momento da súa integración.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio patrimonial.*

1. Os bens de titularidade estatal, tanto de dominio público como patrimoniais, incluídos os bens mobles de valor histórico ou artístico contidos nas instalacións e dependencias do Museo Nacional do Prado ou depositados a favor doutras persoas públicas ou privadas, que se inscribisen nos inventarios do museo como pertencentes a este ou se encontren adscritos ó organismo autónomo Museo Nacional do Prado á entrada en vigor desta lei, suxeitaranse ás disposicións desta, quedando adscritos ó novo organismo público Museo Nacional do Prado.

2. Sen prexuízo da inmediata utilización por parte do organismo público Museo Nacional do Prado dos bens afectados ó organismo autónomo Museo Nacional do Prado, o Ministerio de Facenda procederá á definitiva adscrición formal daqueles no prazo de tres meses contados desde a entrada en vigor desta lei.

3. Continuará aplicándose-lles ós bens mobles de valor histórico ou artístico depositados por outras per-

soas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, no Museo Nacional do Prado, á entrada en vigor desta lei, o mesmo réxime xurídico que tivesen nese momento.

Disposición transitoria cuarta. *Subrogación.*

1. O organismo público Museo Nacional do Prado subrogarase na totalidade dos dereitos e obrigas do organismo autónomo Museo Nacional do Prado, desde o momento en que entre en vigor esta lei.

2. O organismo público Museo Nacional do Prado subrogarase, así mesmo, nos contratos celebrados polo organismo autónomo Museo Nacional do Prado.

Os contratos dos que fose aprobado o expediente polo organismo autónomo antes da entrada en vigor desta lei, rexeranse polas normas establecidas no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, de acordo co que establezan os seus pregos de cláusulas administrativas particulares, ata a súa completa extinción.

Os expedientes de contratación que, ó tempo da entrada en vigor desta lei, se estivesen tramitando e non fosen aprobados, adecuaranse ás previsións contidas nesta lei e ás súas normas de desenvolvemento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Sen prexuízo do establecido na disposición derradeira primeira, quedan derogadas tódalas disposicións do mesmo ou inferior rango que se opoñan ó disposto nesta lei. En especial, derrógase o artigo 87.2 da Lei 50/1984, do 30 de decembro, polo que o Museo Nacional do Prado se constitúe en organismo autónomo de carácter administrativo.

Disposición derradeira primeira. *Mantemento de determinadas disposicións.*

O Real decreto 1432/1985, do 1 de agosto, modificado polo Real decreto 1142/1996, do 24 de maio, e polo Real decreto 59/2002, do 18 de xaneiro, polo que o Museo Nacional do Prado se constitúe como organismo autónomo e aproba normas estatutarias, mantérase en vigor, no que non se opoña a esta lei, ata a entrada en vigor do novo estatuto do Museo Nacional do Prado.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español.*

O punto 1 da disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, quedará redactado nos seguintes termos:

«1. O Estado poderase comprometer a indemnizar pola destrución, perda, subtracción ou dano daquelas obras de relevante interese artístico, histórico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico que se cedan temporalmente para a súa exhibición pública a museos, bibliotecas ou arquivos de titularidade estatal e competencia exclusiva do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e os seus organismos públicos adscritos.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público.*

O artigo 52 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e

de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 52. *Feito imponible.*

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización de espazos dos museos ou outras institucións culturais xestionados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou polos seus organismos públicos adscritos.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado.*

Engádese unha nova disposición adicional décimo oitava á Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado, que quedará redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo oitava. *Réxime tributario do Museo Nacional do Prado.*

O Museo Nacional do Prado será considerado entidade beneficiaria do mecenado para os efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, desta lei.»

Disposición derradeira quinta. *Réxime fiscal.*

O Museo Nacional do Prado quedará sometido ó mesmo réxime fiscal que lle corresponda ó Estado.

Disposición derradeira sexta. *Aprobación do estatuto.*

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno aprobará o novo estatuto do Museo Nacional do Prado, adecuándoo a esta.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 25 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**21614** LEI 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. («BOE» 284, do 27-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O proceso de consolidación orzamentaria dos últimos anos, que eliminou o déficit das nosas contas públicas, non só tivo uns efectos vigorizantes sobre o noso crecemento, senón que ademais fortaleceu enormemente os nosos fundamentos económicos como así o testemuña o noso comportamento diferencial actual, en termos de crecemento do produto interior bruto e de creación de emprego, coa media dos países da Unión Europea.

O compromiso coa estabilidade orzamentaria é unha das razóns fundamentais que explican por qué a economía española está sendo capaz de manter a senda de converxencia real cos países do noso contorno, incluso na fase baixa do ciclo. En efecto, a nosa renda per cápita en paridade de poder adquisitivo pasou de representar en 1995 o 78 por cento da media comunitaria a supo-lo 84 por cento en 2002 segundo os últimos datos de Eurostat.

O equilibrio orzamentario segue apoiando, en primeiro lugar, o escenario de estabilidade macroeconómica que garante un marco máis eficiente para o desenvolvemento da actividade económica; segue mellorando, por outro lado, as condicións de financiamento da nosa economía, xerando un importante fluxo de aforro público e reducindo o efecto expulsión sobre o investimento privado, e, por último, dota os orzamentos xerais do Estado dunha considerable marxe de manobra para afrontar o contexto de incerteza internacional, dado que a diferenza doutros países comunitarios, España pode hoxe deixar xogar libremente os estabilizadores automáticos e evitar así a introducción de calquera nesgo procíclico na súa política fiscal.

Ademais, o exercicio de estabilidade orzamentaria é compatible coa orientación do orzamento cara a aquelas políticas que máis favorecen a produtividade e o crecemento a longo prazo, como son o investimento en infraestruturas e o gasto en investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica, ó tempo que garante unha cobertura cumprida do gasto social e a mellora dos servizos públicos esenciais.

As leis de estabilidade orzamentaria introduciron explicitamente o equilibrio orzamentario no noso ordenamento xurídico, garantindo que a estabilidade orzamentaria sexa, de agora en diante, o escenario permanente das finanzas públicas en España, tanto a nivel estatal como a nivel territorial. Así pois, a medida transcende do ámbito do Estado e afecta de pleno comunidade autónomas e corporacións locais, para facer corresponsables da estabilidade a tódalas administracións, sen excepción.

Esta disciplina serve como áncora das contas públicas, e con ela refórzase a credibilidade da política económica do Goberno. Tal é o caso das rebaixas de impostos acometidas nos últimos anos que son interpretadas polos cidadáns como definitivas e permanentes, polo que se estimula o investimento e o consumo, e con iso o crecemento económico e a creación de emprego.

Definido o marco xeral de equilibrio orzamentario, en particular establecendo un teito de gasto para o Estado —que lle impide gastar máis e o estimula a gastar mellor—, era necesario descender a unha esfera microeconómica para aplicar os principios rectores da Lei de estabilidade ós distintos compoñentes do orzamento. Neste sentido, a citada norma, na súa disposición derradeira primeira, imponse ó Goberno a obriga de remitir ás Cortes Xerais un proxecto de Lei xeral orzamentaria.

Estes principios rectores, todos eles ó servizo do principio xeral de estabilidade orzamentaria, son tres: pluriannualidade, transparencia e eficiencia. A pluriannualida-